

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A. (SEAGA), POLO SISTEMA DE LISTAS PREVIAS POR CATEGORÍAS, NA CATEGORÍA DE LICENCIADO EN VETERINARIA.

Resolución do Director-Xerente de SEAGA, de 23 de novembro de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de Licenciado en Veterinaria.

En uso das facultades conferidas no punto 3 das “**Bases para a selección de persoal temporal, da empresa pública de Servizos Agrarios Galegos s.a. (Seaga), polo sistema de listas previas por categorías**” aprobadas polo Consello de Administración de SEAGA con data do 12 de novembro de 2007, (Diario Oficial de Galicia do 14 de novembro de 2007 e corrección de erros do 15 de novembro de 2007, e corrección de erros na páxina web de Seaga do 20 de novembro de 2007), o Director-Xerente de Seaga

DISPÓN:

Convocar proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de Licenciado en Veterinaria, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

1. NORMAS XERAIS

1.1. Obxecto do proceso.

O obxecto do presente proceso é a provisión do sistema de listas previas na categoría profesional de Licenciado en Veterinaria.

Dada a xeneralidade da categoría profesional e da distribución territorial no ámbito galego, que poden ter as encomendas recibidas pola Empresa Pública Seaga, e debido á necesidade de Seaga de racionalizar os recursos humanos dos que poida dispor para lograr unha maior eficiencia e eficacia dos mesmos, compre que os candidatos poidan optar entre os perfís profesionais e ámbitos territoriais nos que desexen prestar os seus servizos de entre os establecidos no apartado 2.1.4 das presentes bases. De tal xeito, que nas convocatorias de selección de persoal que se fagan a partir das listas previas aquí reguladas, se poidan facer os chamamentos, para a selección e contratación, en primeiro lugar polo perfil profesional, en segundo lugar polo ámbito territorial, e en terceiro lugar, e en todo caso, pola orde de prelación dentro da lista previa.

Os candidatos haberán de ter en conta ó seleccionar o perfil profesional, que nas convocatorias que se fagan ó abeiro das listas previas en función do perfil profesional, o proceso selectivo irá encamiñado especificamente a mostrar o grao de experiencia e coñecemento nesa categoría e perfil concreto.

1.2. Requisitos dos candidatos.

Para seren admitidos a realización das probas, os candidatos deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

1.2.1. Nacionalidade:

- a) Ser cidadán español ou de calquera dos estados membros da Unión Europea, ou dalgún Estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea, e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Ser cónxuxe, calquera que sexa a súa nacionalidade, de cidadán español ou de cidadán doutros estado membros da Unión Europea, ou de cidadán dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea, e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, e coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos, pero maiores de dezaioito, ou dependentes maiores da dita idade.

- c) Atoparse en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que o habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se atopen en situación de residencia temporal, os que se atopen en situación de residencia permanente, os que se atopen en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

1.2.2. Idade.

Ter cumpridos dezaoito anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

1.2.3. Titulación.

Estar en posesión do título de Licenciado en Veterinaria.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

1.2.4. Capacidade funcional.

Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións para un Licenciado en Veterinaria.

Nas probas selectivas, estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten as adaptacións posibles de tempo e medios para a súa realización. Os candidatos deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación.

1.2.5. Habilitación.

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo en SEAGA, ou de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado, ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Ter superado o período de proba, na categoría de Licenciado en Veterinaria, naqueles casos nos que o aspirante tivese sido contratado anteriormente por SEAGA.

1.2.6. Permiso ou licenza de condución.

Estar en posesión do permiso ou licenza de condución tipo “B”, ou aqueles outros equivalentes conforme a lexislación española.

1.2.7. Coñecemento do idioma galego.

O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba oral que se lle realizará o aspirante.

1.2.8. Reserva a discapitados.

Na convocatoria que se faga ao abeiro do sistema de listas previas na categoría de Licenciado en Veterinaria, do total de prazas farase unha reserva dunha cota non inferior ao 7% das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. Esta reserva farase efectiva se o resultado de aplicar o 7% é igual ou superior a 0,5.

No suposto de que estas prazas non sexan cubertas, pasarán a integrarse ás restantes prazas. Así mesmo, no suposto de que algún aspirante con minusvalidez que se presentase pola cota de reserva de discapitados superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral e na lista de agarda.

1.3. **Solicitudes.**

Os candidatos á admisión deberán facelo mediante solicitude, que se axustará ao modelo que se publica como ANEXO I nas presentes bases, manifestando expresamente que reúnen os requisitos esixidos na convocatoria.

1.3.1. Documentación a presentar.

Xunto coa solicitude presentarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia cotexada do DNI ou pasaporte, tarxeta de residencia ou documento equivalente.

Os candidatos estranxeiros que residan en España deberán, ademais, presentar unha fotocopia cotexada de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se for o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de persoa traballadora comunitaria fronteiriza en vigor.

Os candidatos que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, por residir no estranxeiro e estaren en España en réxime de estadía, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou do pasaporte.

As persoas familiares das anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se for o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou xustificante de ter solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos, deberán presentar a acreditación das autoridades competentes do vínculo (os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco), e unha declaración xurada ou promesa da persoa española, da nacional dalgún estado dos demais estados membros da Unión Europea (e da nacional dalgún estado dos demais estados membros da Unión Europea) e da nacional dalgún Estado á que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, coa que existe este vínculo, de que non está separada de dereito do seu cónxuxe e, se for o caso, do feito de a persoa aspirante vivir ás súas expensas ou estar ao seu cargo.

- b) Fotocopia cotexada do título esixido nas presentes bases ou certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- c) Declaración baixo a súa responsabilidade, que se axustará ao modelo que se publica como ANEXO II nas presentes bases, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo en SEAGA, ou de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser cidadán doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- d) Fotocopia cotexada de certificado médico oficial no que se acredite non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opta. O certificado médico haberá de facer referencia necesariamente a categoría de Licenciado en Veterinaria.

Dito certificado haberá de ter unha antigüidade máxima de tres meses respecto a data de presentación da solicitude.



- e) Fotocopia cotexada do permiso ou licenza de condución tipo “B”, ou equivalente.

Declaración baixo a súa responsabilidade, que se axustará ao modelo que se publica como ANEXO III na correspondente convocatoria, no caso de permiso ou licenza de condución os que conforme a lexislación en vigor se lles aplique o sistema de “permiso por puntos” ou equivalente, de que o candidato que vaia esgotando o seu crédito ou que perda o permiso ou licenza de condución por ter esgotado o seu crédito, se compromete a realizar cantos cursos de recuperación do seu crédito ou de reciclaxe sexan necesarios ou simplemente convenientes, a efecto de manter en vigor o permiso ou licenza de condución, ou de obtención dun novo en caso de perda, namentres permaneza en servizo activo mediante a súa contratación.

- f) Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso de méritos.
- g) Fotocopia cotexada do diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, que acredite o coñecemento do idioma galego, en grao de perfeccionamento.

Os candidatos que non acrediten documentalmente o coñecemento do idioma galego, serán convocados á realización dunha proba oral feita pola comisión de selección, sen prexuízo de que poidan dispor a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, limitándose os asesores a prestar a colaboración nas súas especialidades técnicas.

- h) Os candidatos con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade reconecido, e deberán axuntar ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que dictaminou o grao de minusvalía. Así mesmo, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

1.3.2. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A presentación de solicitudes farase nas oficinas do rexistro de SEAGA (Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña), ou nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía Fax, ao número 881 997 192 , acreditación de dita presentación), no prazo de dez días

hábeiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia e dirixiranse ao Director-Xerente de SEAGA.

As solicitudes recibidas unha vez rematado o prazo correspondente á convocatoria consideraranse, a tódolos efectos, como solicitudes fora de prazo, sendo o candidato excluído do proceso selectivo.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico, no número 981 546 127, das 09:00 horas as 14:00 horas e das 16:00 horas as 18:00 horas, de luns a venres, ou ben na páxina web de SEAGA (www.epseaga.com).

1.4. Admisión de candidatos.

Concluído o período de presentación de solicitudes, procederase a:

1.4.1. Acreditación de coñecemento do idioma galego

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección, que terá a composición, organización e funcionamento prevista na base 2.1.5, ditará resolución na que convocará aos candidatos que non acreditan posuír o diploma, certificado ou curso que acredite o grao de perfeccionamento do idioma galego, á realización de proba oral, de carácter eliminatória, na que poidan acreditar tal coñecemento.

- Proba oral.

Esta proba será realizada pola comisión de selección que contará cun especialista titulado en Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, designado o efecto pola comisión de selección. O tempo máximo para a realización de dita proba será de 15 minutos.

A data e lugar da proba oral anunciarase na páxina web de SEAGA, xunto coa resolución que aprobe a convocatoria da mesma.

A comisión de selección poderá determinar por causas extraordinarias o retraso, suspensión ou antelación da celebración das probas sobre a data inicialmente prevista, publicando a nova data na páxina web de SEAGA.

O exercicio consistirá en manter unha conversa no idioma galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

- Desenvolvemento do exercicio.

A orde de actuación dos candidatos iniciarase alfabeticamente polo primeiro da letra “D”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza do 12 de febreiro de 2007, pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto nas bases xerais aprobadas polo Consello de Administración de SEAGA en data 12 de novembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 14 de novembro de 2007 e corrección de erros do 15 de novembro de 2007, e corrección de erros na páxina web de Seaga do 20 de novembro de 2007), ao tratarse dunha convocatoria correspondente ao ano 2007.

Os candidatos serán convocados en único chamamento, sendo excluídos os que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificadas libremente apreciados pola comisión de selección. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto.

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

- Outorgamento de cualificacións.

Esta proba valorarase como apta ou non apta, correspondéndolle á comisión de selección determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

A proba será gravada por medios técnicos ou calquera outros que permitan deixar constancia ou soporte documental da mesma aos efectos oportunos.

- Relación de candidatos aptos e non aptos.

Rematada a cualificación dos candidatos, a comisión de selección publicará a relación de candidatos aptos e non aptos na páxina web de SEAGA, e incluírá aos declarados aptos na lista provisoria correspondente de admitidos no caso de cumprir os restantes requisitos. O resto dos candidatos serán incluídos na lista provisoria de excluídos.

1.4.2. Lista provisoria de admitidos e excluídos.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, e realizada a proba de coñecemento do idioma galego aos candidatos que non tiveran acreditado tal coñecemento, a comisión de selección ditará resolución que se publicará na páxina web de SEAGA, na cal se declarará aprobada a lista provisoria de admitidos e excluídos, e que incluírá as listas de admitidos e excluídos. Na lista deberán constar, en todo caso, o número de documento de identidade, ou documento equivalente, a categoría profesional, o perfil profesional,

ámbito territorial e a condición acadada, de admitido ou excluído. No caso dos candidatos excluídos farase constar as causas da súa exclusión.

1.4.3. Emendas e lista definitiva de admitidos e excluídos.

Os candidatos excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

De haber emendas dos defectos emendables, a estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución pola que se publiquen as listas definitivas de admitidos e excluídos correspondentes.

Unha vez transcorrido o prazo de emendas, a comisión de selección ditará resolución na que se declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, contra a cal se poderá efectuar reclamación ante o Director-Xerente de SEAGA no prazo de dous días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web de SEAGA.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aproben e se fagan públicas as listaxes definitivas de candidatos admitidos e excluídos.

De non haber reclamacións, as listas previas de admitidos e excluídos enténdense aprobadas definitivamente.

Todas as emendas e/ou reclamacións dos candidatos, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e co fin de garantir a maior celeridade posible no proceso de selección, so poderán ser presentadas nas oficinas do rexistro de SEAGA (Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña).

1.5. Datos de carácter persoal.

De acordo co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal os candidatos quedan informados e aceptan, coa súa solicitude, a incorporación dos seus datos os ficheiros mixtos, (automatizados e manuais), dos que é titular SEAGA, que se tratarán e conservarán con carácter confidencial, e gardando as medidas de seguridade axeitadas segundo o disposto no RD 994/1999 de Medidas de Seguridade. Non se prevén cesións ou comunicacións dos datos a terceiros agás aquelas de obrigado cumprimento as administracións publicas estipuladas por unha norma con rango de lei. A finalidade dos tratamentos é realizala xestión de todo o proceso de selección e sistemas

de listas e posteriores contratacións, o seu seguimento posterior e as funcións propias da actividade relacionada cos procesos selectivos e posterior contratación. O titular poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición o tratamento dos datos nos termos da citada Lei Orgánica. Para elo debe dirixirse por escrito o responsable dos ficheiros: EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A., con dirección en Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela.

2. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL MEDIANTE LISTA PREVIA.

2.1. Elaboración de lista previa aberta por categoría profesional.

2.1.1. Proceso de selección: Concurso de méritos.

O proceso de elaboración de listas previas abertas realizarase por concurso de méritos, avaliándose como méritos:

- **Experiencia.**

A experiencia profesional na categoría deberá acreditarse conxuntamente por medio de certificado de vida laboral expedido pola Tesourería xeral da Seguridade social e coa fotocopia cotexada dos contratos de traballo.

No caso de traballadores ao servizo dalgunha administración pública as copias cotexadas dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.

No caso de traballadores autónomos, poderá acreditarse a experiencia profesional a través de fotocopia cotexada de certificado expedido pola administración e/ou persoa xurídica (empresa ou sociedade mercantil, entidade, organización, etc.), para a cal prestara servizos ou se mantivera relación profesional, no que se especifique con claridade a categoría profesional, traballo prestado e duración do mesmo. Tamén se poderá acreditar a través de fotocopia cotexada do documento de declaración censal de alta, modificación e baixa no censo de obrigados tributarios.

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 4 puntos, segundo o seguinte baremo:

- *Experiencia profesional, por servizos prestados na Administración autonómica galega, na categoría correspondente: 0,04 por cada mes de traballo ou fracción.*

- *Experiencia profesional, por servizos prestados na Administración pública ou en empresas públicas ou privadas ou como traballadores autónomos, na categoría correspondente: 0,02 por cada mes de traballo ou fracción.*
- *Experiencia profesional en SEAGA, que se valorará en función do cumprimento de obxectivos (que se reflicten no complemento de produtividade), segundo o seguinte baremo:*
 - *Cun nivel de cumprimento igual ou superior ao 80%: 0,2 puntos por cada mes de traballo ou fracción por servizos prestados na categoría correspondente, e 0,1 puntos por cada mes de traballo ou fracción por servizos prestados noutras categorías.*
 - *Cun nivel de cumprimento entre o 65% e 79%: 0,15 puntos por cada mes de traballo ou fracción por servizos prestados na categoría correspondente, e 0,05 puntos por cada mes de traballo ou fracción por servizos prestados noutras categorías.*
 - *Cun nivel de cumprimento entre o 50% e 64%: 0,1 puntos por cada mes de traballo ou fracción por servizos prestados na categoría correspondente, e 0,01 puntos por cada mes de traballo ou fracción por servizos prestados noutras categorías.*
 - *Cun nivel de cumprimento igual ou inferior ao 49% do complemento de produtividade 0,01 puntos por cada mes de traballo ou fracción por servizos prestados na categoría correspondente.*

2.1.2. Lista previa provisional, reclamacións e lista previa definitiva.

Realizado o baremo de méritos, a comisión de selección ditará resolución que se publicará na páxina web de SEAGA, na cal se declarará aprobada a lista previa provisional, na que os candidatos figurarán por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co perfil profesional e ámbito territorial.

Os candidatos disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder presentar reclamacións.

Unha vez transcorrido o prazo de reclamación, a comisión de selección ditará resolución, na cal se declarará aprobada a lista previa definitiva, na que os candidatos figurarán por orde descendente á puntuación obtida, co perfil profesional e ámbito territorial, e contra a cal se poderá efectuar reclamación ante o Director-Xerente de SEAGA dentro do prazo



de dous días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web de SEAGA.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aprobe e se faga pública a lista previa definitiva.

De non haber reclamacións, a lista previa entenderase aprobada definitivamente e estará dispoñible para ser empregada nos procesos de selección para a contratación de persoal.

2.1.3. Desempate.

De producirse empate na puntuación para a elaboración das listas previas, a orde de desempate será a seguinte:

- Orde alfabética segundo a primeira letra do apelido, comezando pola letra que resulte do sorteo para o ano no que se realicen as probas ó que se refire o artigo 9 do Regulamento de Selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo.
- A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o de sexo masculino, cando na categoría se dean as condicións de infrarrepresentación previstas no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- As persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior o 33 por cento.

2.1.4. Preferencia de ámbitos territoriais e perfil profesional.

A lista previa na categoría profesional servirá de base para a contratación do persoal laboral temporal necesario na categoría profesional de Licenciado en Veterinaria, en calquera dos centros de traballo, que a sociedade teña ou deba abrir en calquera punto do territorio galego, de acordo do disposto a continuación.

Os candidatos haberán de sinalar na solicitudade un só perfil profesional, e un mínimo de un e un máximo de dous ámbitos territoriais nos que desexen prestar os seus servizos dentro da categoría profesional.

Os ámbitos territoriais serán catro, os correspondentes as provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Dentro de cada ámbito territorial, os candidatos haberán de desempeñar as súas tarefas en función das necesidades de servizo de SEAGA.

Os perfís profesionais serán os de:

- Identificación e rexistro de gando.

- Saneamento gandeiro e/ou alertas sanitarias.
- Actuación de control en sanidade, benestar animal, pensos e hixiene da produción primaria.
- Programas de recuperación de recursos zoonéticos.
- Outros distintos dos anteriores.

O perfil profesional e a preferencia territorial non se terán en conta para a elaboración da lista previa, na que o orde de prelación na mesma virá dado polo baremo resultante no concurso de méritos.

Non obstante, en aqueles procesos de selección que se convoquen a partir da lista previa que se configure o abeiro desta convocatoria, nos que así se especifique, poderase chamar os candidatos, en primeiro lugar, polo perfil profesional, en segundo lugar polo ámbito territorial e en terceiro lugar, e en todo caso, por orde de prelación dentro da lista previa.

Os candidatos que superasen o proceso selectivo pero non fosen contratados, pasarán a formar parte da lista de agarda correspondente, facéndose as propostas de contratación na mesma forma na que se configure o chamamento para a selección a partir das listas previas.

2.1.5. Comisión de selección.

1. Para a elaboración das listas previas nomearase, por resolución do Director-Xerente, unha comisión de selección que estará integrada segundo o disposto na base xeral 2.1.8.

Os membros da comisión de selección deberán contar cunha titulación igual ou superior á esixida para a admisión ás probas. Na designación dos membros procurarase a paridade entre mulleres e homes.

A comisión de selección estará integrada, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A comisión de selección non se poderá constituír, nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario, ou os que legalmente os substitúan.

A comisión de selección resolverá tódalas dúbidas e incidencias que xurdan da aplicación das presentes normas, así como nos casos non previstos polas mesmas.

2. Tamén poderá dispor a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue oportuno, limitándose os asesores a prestar a colaboración nas súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto, así como acordar a designación de persoal colaborador para a realización de tarefas de carácter técnico ou administrativo, a fin de axilizar os procesos de selección. O nomeamento de tales asesores e persoal colaborador corresponderalle o Director-Xerente.

3. A composición da comisión de selección será a seguinte:

- *Presidente:* O xefe de Recursos Humanos ou o Director Técnico de SEAGA.
- *Secretario:* un Administrativo do persoal de SEAGA, con voz pero sen voto.
- *Vogais:*
 - Tres membros do persoal de SEAGA.
 - Un Licenciado en Dereito do persoal de SEAGA, ou no seu defecto, un funcionario ó servizo da Administración Autonómica coa devandita titulación.
 - Un representante do Comité de Empresa de SEAGA. De forma transitoria, e en tanto non se constituía o Comité de Empresa de SEAGA, poderá solicitarse do Comité Intercentros do persoal laboral da Xunta de Galicia a designación dun representante, se así o estimase oportuno.

As decisións da comisión de selección serán tomadas por maioría simple, en caso de empate prevalecerá o voto de calidade do seu Presidente, e contra as decisións da comisión de selección caberá reclamación en última instancia ante o Director-Xerente de SEAGA.

Das reunións da comisión de selección levantaránse actas polo secretario, indicando os antecedentes e fundamentando as súas decisións e resolucións, co visto e praxe do Presidente.

4. En calquera momento do proceso selectivo, se a comisión de selección tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún candidato non cumpre algún dos requisitos esixidos pola convocatoria, comunicaralle isto ó candidato requiríndolle os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que o candidato non acredite o cumprimento dos requisitos, a comisión de selección dictará proposta da súa exclusión do proceso selectivo e o Director-Xerente dictará a resolución correspondente.



5. A comisión de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para a realización das probas ás dos restantes participantes,. Neste sentido estableceranse, para as persoas que o soliciten na forma prevista nas presentes bases, as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización.

Se na súa realización se lle suscitasen dúbidas a comisión de selección respecto da capacidade do candidato para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas para a súa categoría e posto concreto, poderá solicitar o correspondente dítame do órgano técnico competente.

3. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL A PARTIR DA LISTA PREVIA.

De acordo co disposto nas bases xerais, cando SEAGA, en función das encomendas que reciba, deba proceder á contratación de persoal temporal recorrerá á lista previa desta categoría profesional, para a selección do persoal a contratar, mediante a correspondente convocatoria. Para os traballadores contratados establecerase un período de proba segundo o regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e lexislación concordante.

4. COMISIÓN DE SEGUIMENTO PERMANENTE.

Estarase ao disposto na base xeral 2.1.9. (Diario Oficial de Galicia do 14 de novembro de 2007 e corrección de erros do 15 de novembro de 2007, e corrección de erros na páxina web de Seaga do 20 de novembro de 2007).

5. RENOVACIÓN E/OU ACTUALIZACIÓN DO SISTEMA DE LISTAS PREVIAS.

Estarase ao disposto na base xeral 2.1.10 (Diario Oficial de Galicia do 14 de novembro de 2007 e corrección de erros do 15 de novembro de 2007, e corrección de erros na páxina web de Seaga do 20 de novembro de 2007).

6. DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Contra esta resolución, poderase efectuar reclamación no prazo de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web de SEAGA, ante o Director-Xerente de SEAGA.

Santiago de Compostela a 23 de novembro de 2007

O Director-Xerente

Asdo.- ~~Xan Bautista Cambón Rodríguez~~

